Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

A CANDIDATURA DE CCOO NÚTRESE DUN 40% DE PERSOAL INTERINO, PORQUE SOMOS CONSCIENTES QUE A PRIORIDADE DOS PRÓXIMOS ANOS ESTÁ EN DESENVOLVER OS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN E DEMAIS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO NAS CONDICIÓNS MÁIS BENEFICIOSAS POSIBLES

CCOO PRESENTA UNHA CANDIDATURA AMPLA E PLURAL, DESEÑADA PARA DEFENDER E REPRESENTAR A TODOS OS DEPARTAMENTOS E A TODOS OS TIPOS DE POSTOS

UNHA VEZ COÑECIDAS AS CARACTERÍSTICAS DA CANDIDATURA DE CCOO, QUEDA AÍNDA MÁIS PATENTE QUE O INTENTO DA SÚA EXPULSIÓN DO PROCESO ELECTORAL SUPORÍA UNHA CLARA ADULTERACIÓN DAS ELECCIÓNS

A candidatura de CCOO nútrese dun 40% de persoal interino, porque somos conscientes da prioridade dos próximos anos está en desenvolver os procesos de estabilización e demais oferta de emprego público nas condicións máis beneficiosas posibles para o persoal interino, conseguindo ao mesmo tempo a seguridade xurídica necesaria para executar procesos con garantías. Por ese motivo e de cara a obter os mellores procesos posibles queremos contar co enfoque deste persoal que se está a xogar o seu futuro. Conscientes da necesidade de contar coa súa sensibilidade **CCOO incorpora 16 interinos na súa lista, cantidade próxima á suma de interinos do resto de candidaturas**, practicamente duplicando á segunda organización que incorpora máis interinos. Pero non destacamos no cuantitativo, senón tamén no cualitativo pois CCOO incorpora catro interinos entre os oito primeiros postos, o que é garante unha alta representación de interinos na Xunta de Persoal. Así por exemplo no caso que se repetise a representación obterían representación dous internos de CCOO, mentres que o resto de candidaturas non obterían representación os interinos, agás unha que tería tan só un.

CCOO presenta unha candidatura ampla e plural, deseñada para defender e representar a todos os departamentos e a todos os tipos de postos. Ampla porque é a candidatura que máis candidatos a avalan, concretamente **a compoñen 36 persoas, un 20% máis que o seguinte sindicato que presenta máis candidatos**. Plural porque está composta por compañeiros e compañeiras dos distintos centros e da maioría dos servizos, algo moi diferente ao que acontece noutras candidaturas onde por exemplo hai unha onde o 80% está formada por persoas do Fogar Infantil Emilio Romay e do área tributaria. Así pois, **CCOO dispón dunha candidatura pensada para defender os dereitos da maioría**, evitando centrarse en colectivos moi específicos como fan outras.

Unha vez coñecidas as características da candidatura de CCOO, queda aínda máis patente que o intento da súa expulsión do proceso electoral suporía unha clara adulteración das eleccións. Neste sentido, queremos facer unhas aclaracións ao recente comunicado da CIG, os que, como eles din, "coma sempre informamos sobre feitos reais e verificables":

1.- Resulta curioso que xente que leva tantos anos no sindicalismo, aínda non saiba que os actos do proceso electoral non son actos da administración, e por tanto non están suxeitos á lei de procedemento administrativo, senón que son actos de, por e para os traballadores, xa sexa dunha administración ou dunha empresa, e por iso se dirimen no SMAC o nos tribunais do social, e non nos do contencioso.

2.- O erro emendable, non imputable a CCOO, do que fala o laudo, xa estaba emendado cando eles, e os demais, presentaron as súa reclamacións, unha proba mais da mala fe.

3.-Agradecemos que nos dean a "benvida ao proceso electoral" aínda que sexa a destempo, porque a nosa candidatura leva no proceso dende o momento da súa presentación o 23 de maio, e nunca saíu, estivo na proclamación provisional, na definitiva, e segue despois do laudo.

Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

CANDIDATURA DE CCOO

1 Cesar Santiso	Informática
2 Eugenia Varela	Xestión Plans
3 Patricia de la Fuente	Fogar Infantil E. Romay **INTERINA**
4 Álvaro Trillo	Vías e Obras
5 Ana Vázquez	Puga Ramón
6 Sandra Amigo	Calvo Sotelo - **INTERINA**
7 Carlos Silva	Imprenta - **INTERINO**
8 Cristina Rodríguez	Atención Contribuínte INTERINA
9 Isabel Diéguez	Tesourería
10 Carlos Grandal	Biblioteca
11 Cristina Fdez. Cabarcos	Centro D. Menores Ferrol **INTERINA**
12 Gemma Ventoso	Vías e Obras - **INTERINA**
13 Manolo Batalla	Recadación
14 Teresa Bermúdez	Fogar Infantil E. Romay
15 Fernando Otero	Imprenta
16 Aurelia Piñeiro	entro D. Menores Ferrol
17 Pedro González	Asistencia Tec. Concellos
SUPLENTES	
18 Irene Correia	Puga Ramón - **INTERINA**
19 Rolando Breijo	Calvo Sotelo - **INTERINO**
20 Carmen Ferreiro	Biblioteca - **INTERINA**
21 Manolo Paz	Servizos Internos
22 Sofía Agrafojo	Prom. Ectonómina, T. y E. - **INTERINA**
23 Nito Estévez	Vías e Obras
24 Tania Esmorís	Centro D. Menores Ferrol **INTERINA**
25 Javier López Lage	Patrimonio e Contratación
26 Silvia Suárez	Calvos Sotelo/Prevención
27 Ignacio Ríos	Puga Ramón - **INTERINO**
28 Pachi Bérea	Calvo Sotelo
29 Fran Brotóns	Asistencia Tec. Concellos
30 Ana Guimarey	Fogar Infantil E. Romay
31 Nahir Atienza	Puga Ramón - **INTERINA**
32 José Manuel Lorenzo	Vías e Obras - **INTERINO**
33 Fátima Sambade	Centro D. Menores - **INTERINA**
34 Silvia Pena	Puga Ramón - **INTERINA**
35 Hilda García	Asistencia Económica Concellos
36 Argimiro Doce	Organización/Oficina Ames